

# CONCELLO DE PONTEVEDRA

## ACTA NUMERO DEZASEIS CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2007.

-----oOo-----

No Salón de Butacas do Teatro Principal, sendo as doce horas e corenta minutos do día vinte e un de decembro de dous mil sete reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Pleno da Corporación baixo a presidencia do Sr. Alcalde **D. Miguel Anxo Fernández Lores**, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros **D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, **D<sup>a</sup> María dos Anxos Riveiro Portela**, **D. Guillerme Vázquez Vázquez**, **D. Raimundo González Carballo**, **D<sup>a</sup> María Dolores Dopico Aneiros**, **D. Miguel Anxo Vázquez Plaza**, **D. Telmo Martín González**, **D<sup>a</sup> Teresa Pedrosa Silva**, **D. Ricardo Alfonso Heliodoro Aguilar Argenti**, **D<sup>a</sup> María Guadalupe Murillo Solís**, **D. José Manuel Barragáns Muñiz**, **D. José Manuel Fernández Rodríguez**, **D. José Benito Suárez Costa**, **D<sup>a</sup> Begoña Laya Iglesias**, **D. Jacobo Moreira Ferro**, **D<sup>a</sup> María Celia Soto Espiña**, **D<sup>a</sup> Patricia Aboal Agrelo**, **D. Carlos Riveiro Veiga**, **D<sup>a</sup> María Teresa Casal García**, **D. Antón Louro Goyanes**, **D<sup>a</sup> Margarita Castejón García**, **D. José Antonio García Lores**, **D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés** e **D. José Manuel Valcarcel Riveiro**, estando presente o Interventor Xeral municipal **don Miguel Ángel Santirso Fernández** e dando fe das actuacións o Secretario Xeral do Pleno **don José Luis Mato Rodríguez**.

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o **Sr. Alcalde-Presidente** declara constituída e aberta a sesión e manifesta: "Dá comezo o pleno de decembro que agardemos que se desenvolva con un gran espírito navideño, boas festas a todos e feliz ano 2008, aínda que logo nos veremos no viño que se dá no Concello aos funcionarios, e por último tamén feliz maternidade para Teresa Pedrosa e espero que este pleno non sexa o suficientemente estresante para que che pase como con Cristina, ou sexa que teña tempo de ir con calma".

### ORDE DO DÍA

#### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 23.11.2007.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria de 23.11.2007, que é aprobado por unanimidade e sen modificación ningunha.

#### **2.- URBANISMO. REQUIRIMENTO DE ANULACIÓN DA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PERI DA UNIDADE DE ACTUACIÓN N° 5 DO PXOU/AVDA. DO URUGUAI E RÚAS DA GALERA, ARCEBISPO MALVAR E FONTE DA MOREIRA, FORMULADO POLA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.**

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

De orde da Presidencia o Secretario Xeral do Pleno dá lectura ao ditame da Comisión Informativa municipal de Urbanismo e Medio Ambiente sobre a proposta do Director Xeral da Área de Urbanismo, de data 17 de decembro de 2007, de contestación ao requirimento de anulación da aprobación definitiva do PERI da Unidade de Actuación nº 5 do PXOU/Avenida do Uru-guai e rúas da Galega, Arcebispo Malvar e Fonte da Moreira, formulado pola Dirección Xeral de Desenvolvemento sostible, aprobada como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 18 de setembro de 2007.

Aberto o debate, en representación do grupo municipal do PS de G-PSOE, fai uso da palabra **dona María Teresa Casal García**, manifestando: "Bos días a todos e a todas e boas festas tamén a todos e a todas; é o último pleno deste ano 2007, desexar aos presentes e aos non presentes pois a maior felicidade no 2008 e que sexa moito mellor se pode ser do que creo que foi xa o 2007, polo menos para uns; neste tema quería, antes de nada, dicir que ás veces entre Administracións nestes temas urbanísticos, noutros tamén, pero sobre todo nestes temas urbanísticos, parece que se entra nunha loita de informes e contra informes que uns se tiran á cara aos outros, creo que é o menos aconsellable para levar adiante os temas que interesan no Concello a outra Administración, entón efectivamente cando se recibiu no Concello o escrito da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible requirindo a anulación, ou ben a revogación, do acordo da aprobación definitiva do plan especial da unidade 5 pois pareceu que aquí se acababa o mundo, entón como xa digo que o meu estilo de traballar é sempre a través do diálogo e a través dos consensos, o primeiro que fixemos, loxicamente, foi poñernos en contacto a nivel técnico e a nivel político coa dita dirección xeral, polo tanto creo que o acordo que traemos hoxe aquí pode dicir que está consensuado xa, espero que mereza a aprobación de todos os concelleiros desta Corporación pero sen embargo penso que aínda que se cheguen a acordos o que si é certo e que unha institución debe defender os seus propios argumentos, polo tanto a proposta de acordo que hoxe plantexamos indubidablemente fai a argumentación de por que pensamos que non ten en todo caso toda a razón o escrito da Dirección Xeral referida, baseámonos, sobre todo, en que hai unha dúbida bastante razoable, penso eu, sobre a aplicabilidade da Lei do litoral, para que nos entendamos todos, ao caso que nos ocupa; estamos falando dunha unidade de actuación que está nunha trama totalmente urbana, totalmente solo consolidado, rodeado de edificios, é dicir non hai ningunha dúbida, non hai nada rústico aí, nin solo nin nada de ningún tipo, polo tanto por unha banda non cremos que debería ser aplicable, pero sobre todo hai unha dúbida moi razoable con respecto a que sexa aplicada esta lei a este caso concreto polo feito de que non bou a entrar no feito do que se tardou en entronizar no dereito español a directiva europea que obriga a

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

este tipo de avaliacións, porque non é hoxe día de falar de cousas pasadas senón de levar o espírito navideño ata o final, pero indubidablemente os actos primeiros que se levaron a cabo con respecto a esta unidade de actuación son anteriores á entrada en vigor en España, á aplicación en España desta directiva, de todos os xeitos tamén habería que facer unha mínima reflexión sobre o feito de que o que se nos di neste informe da Dirección Xeral fala dunha autorización, polo tanto aplicando a Lei de Procedemento administrativo e o principio de conservación dos actos, loxicamente, estamos falando de que esta lei permite e establece a validación dos actos que adolecen da falla dunha autorización, estaríamos falando en todo caso dun acto anulable pero nunca nulo de pleno dereito; xa digo, a pesar de todo isto e das argumentacións que penso que a institución debe facer para defender os seus propios acordos, o que pretendemos hoxe aquí, o acordo digamos que planteamos, é por unha banda, tendo en conta ou aproveitando o feito de que aínda esta unidade de actuación non foi publicada no Boletín Oficial da Provincia, suspender esa publicación no BOP de feito que non produza os efectos executivos que dita publicación tería, e ao mesmo tempo, enviar, remitir á Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible todo documento da tramitación do PERI e solicitar a exención da avaliación ambiental estratéxica; temos fundados motivos para pensar que se nos conceda esta exención á parte das conversas que xa tivemos, si simplemente vemos os precedentes se nos eximiu desta avaliación tanto no caso de Tafisa como de Valdecorvos, polo tanto é lóxico supoñer que tamén neste caso será así; polo tanto e en resumidas contas o que se plantexa aquí é suspender esa publicación no BOP, enviar e remitir á Dirección Xeral toda a documentación deste PERI solicitando esta exención de avaliación ambiental estratéxica, ao mesmo tempo tamén solicitamos a máxima urxencia no despacho desta comunicación por parte da Dirección Xeral por entender que este asunto, como creo que sabemos todos os que estamos aquí e moitos máis, xa leva unha longa tramitación, nada máis e moitas grazas."

Seguidamente intervéñ **don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dicindo: "Grazas señor Alcalde, bos días a todos e a todas; ante un asunto como este a verdade e que se pode facer unha disertación moi longa ou simplemente facer unhas cantas precisións, vou a optar pola segunda vía e a ver se o logro; dende logo estamos totalmente de acordo que en que se dea este paso, pero aquí é un caso no que o interese municipal non foi correspondido pola iniciativa privada, non, ese polígono é o máis céntrico de Pontevedra, está nunha zona moi degradada e sempre houbo o máximo interese e as máximas facilidades municipais para que saíra adiante en aras de rexenerar unha zona moi céntrica que nos está creando problemas de funcionamento urbano pero houbo varios intentos ao final de 2005 no que non

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

se presentou a documentación completa, se crearon unha serie de problemas e incluso despois a advertencia de que a cousa, aínda que recorte a edificabilidade ía ir a peor, pois non foi crido pola propiedade polo tanto se tomou un tempo, unha calma, que tivo as consecuencias que tivo, que houbo nova lexislación e que nestes momentos pois hai este requirimento que se chega a tramitarse só hai oito meses, foi aprobado só hai oito meses, pois non o tería; unha última precisión, as leis ás veces popularízanse sobre unha base do impacto nominal e a Lei chamada do litoral pois o do litoral era unha parte, que evidentemente a inmensa maioría de Galicia non lle afectaba, en Pontevedra podía afectar pero tiña outra serie de cuestións asociadas no texto lexislativo que os que estivemos na xestión mirando e non participando directamente sabíamos que ía crear bastantes problemas incluso de interpretación como é este caso; cremos que polo interese público este polígono hai que intentar sacalo adiante como sexa canto antes, de feito foi sempre vontade municipal e creo que unánime de todos os grupos sacalo canto antes, en outros era a iniciativa privada o que o facía e ben tiña dereito e se facía, pero neste caso hai un interese público moi claro para que a zona esta de Arcebispo Malvar, toda esa zona colindante deixe de ter esa situación de semimarxinalidade dentro do tecido urbano por culpa do estado no que están os terreos e as edificacións que existen neste momento dentro dese polígono."

A continuación, en representación do grupo municipal do Partido Popular, fai uso da palabra **don Ricardo Aguilar Argenti**, manifestando: "Buenos días, sobre este particular nuestro grupo entendemos que como se demostró en el último pleno que se trataba este asunto que queremos que esa zona se desarrolle, se apruebe y se ponga en marcha, de hecho lo aprobamos por unanimidad con todos ustedes, sin embargo lo que si observamos es que todo este problema se está produciendo por un error de tramitación, entendemos que aquí lo que ocurre, que se ha aprobado por nuestra parte, le ha llegado a la Xunta y la Xunta considera que no se ha tramitado convenientemente este expediente, a tenor de estas circunstancias lo que nos contestan y nos dicen es que hay que anularlo, ahora bien hay un informe a su vez del Director General de este municipio en donde entiende que en vez de llegar a la anulación se podía llegar a la suspensión, como nosotros lo que pretendemos es que esto vaya adelante y que se pueda aprobar con la mayor prontitud posible, aceptamos la posibilidad de suspensión pero claro nos preocupa que una orden superior, supongo que la Xunta cuando lo dice será por algo, y supongo además que si la Xunta lo dice cuando coincide en el gobierno con ustedes pues será porque habrá razones para ello y como nos ofrece dudas y no queremos tampoco perjudicar que esto se desarrolle vamos a abstenernos, pero entendemos que puede haber dudas razonables de que la suspensión no sea suficiente y entonces el criterio

## **CONCELLO DE PONTEVEDRA**

de nuestro grupo es la abstención."

De novo intervén a **Sra. Casal García**, para dicir: "Soamente é para tranquilizar un pouco a preocupación que poidan ter e que indubidablemente a Xunta dá un prazo de un mes e, como dicía antes, todos vostedes teñen os informes do Director Xeral de Urbanismo, informe da Asesoría Xurídica, na que as dúbidas que apuntei moi someramente, porque creo que non é o momento de entrar en debates xurídicos moi profundos, están bastante apoiadas en dereito, é dicir son bastante razoables, por añadidura direi que tiver unha conversa co Director Xeral e que recoñeceu que efectivamente que esa decisión que pode ser reconsiderada en base a estes argumentos que nós lles damos e que polo tanto é moi previsible que sexa rápido, ademais, que o resultado final sexa precisamente o de eximir neste caso ao Concello da avaliación, polo tanto quero simplemente tranquilizarlles en canto a que, como dixen na miña intervención antes, falamos as cousas, non mandamos informes sen telos apoiados por unha parte en dereito e por outra parte consensuados tamén, neste caso, coa Consellería de Medio Ambiente, moitas grazas."

Volver a facer uso da palabra o **Sr. Aguilar Argenti**, sinalando: "Señora Casal, me ha tranquilizado a medias porque realmente si hay esa relación que debía de haber entre gobiernos similares, podía haber hecho esa gestión previamente, verdad, y no esperar a que nos lo rechacen y después hacen la gestión, si la gestión se hubiese hecho antes esto estaría ya aprobado."

De seguido a **Sr. Casal García** manifesta: "Sinto prolongar isto porque non era a intención, pero imos ver, creo que expliquei antes, aínda que fora así por riba, que o que se entendía neste Concello, nun momento no que ademais eu non era Concelleira de Urbanismo, era que non era necesaria esa avaliación e por unha banda pola entrada en vigor posterior da Lei aos actos iniciais da tramitación deste expediente ou incluso abundando máis porque no expediente consta tamén o estudo de sostenibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico que nese momento se consideraba que era suficiente, ou sexa quero dicir que noutros casos pode haber erros de tramitación, aquí non, aquí se actuou pensando que realmente non afectaba a este procedemento este tema, de feito eu lle podo dicir como dato anecdótico que falei co Director Xeral un pouco máis tarde porque precisamente estaba na reunión de Bali sobre o tema do calentamento global e todos estes temas pero en canto volveu falei con el e a cousa creo que esta bastante solucionada."

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por maioría, acorda prestar aprobación ao proxec-

## **CONCELLO DE PONTEVEDRA**

to de acordo da Xunta de Goberno Local relacionado co requirimento de anulación da aprobación definitiva do PERI da UA nº 5 do PXOU/Avenida do Uruguai e rúas Galera, Arcebispo Malvar e Fonte da Moureira, sendo os antecedentes, fundamentación xurídica, sentido do voto e parte dispositiva do acordo adoptado, os que a continuación se transcriben:

Visto o requirimento de anulación ou revogación formulado pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, recibido neste Concello o 3/12/07, rexistro de entrada nº 39493/07, corrección de erros de 4/12/07, rexistro de entrada nº 39991/07, da aprobación definitiva do PERI da unidade de actuación nº 5 do PXOU/Avda. do Uruguai e rúas da Galera, Arcebispo Malvar e Fonte da Moreira.

Vistos os antecedentes que obran no expediente, así como os sinalados no informe proposta da Dirección Xeral da Área de Urbanismo do 17.12.2007, aos que se fai remisión expresa.

Vistos os fundamentos que no informe anterior se sinalan, así como no informe da Asesoría Xurídica municipal do 14.12.2007, aos que tamén se fai expresa remisión.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- O artigo 83 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, - modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro e posteriormente pola Lei 6/2007, de 11 de maio- (en diante LOUG), dispón que os plans parciais, plans especiais, plan de sectorización e estudos de detalle, poderán ser formulados polos Concellos, outros órganos competentes na orde urbanística e polos particulares lexitimados para facelo, determinando o art. 79 do referido texto legal que os particulares poderán redactar e elevarlle á Administración competente para a súa tramitación os instrumentos de desenvolvemento do Plan Xeral. Seguindo ao artigo 70.2 desta norma, os PERIS deberán incluír, como mínimo, as determinacións e documentación propias dos plans parciais.

O artigo 65 LOUG dedicado á documentación dos plans parciais, na súa redacción orixinal, establecía que comprenderían, entre outros documentos, un estudo de sostibilidade ambiental e impacto territorial e paisaxístico, que consta no PERI da UA nº 5 (paxs. 62 e ss.) e que segundo parte da doutrina determinará o cumprimento da Disposición Transitoria 1ª da Lei 9/2006.

II.- A avaliación ambiental estratéxica (en diante AAE) é unha técnica, proceso ou instrumento de prevención que permite integrar os aspectos ambientais na toma de decisións dos plans e programas públicos co fin de promover o desenvolvemento sos-

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

tible.

A Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril relativa á avaliación de determinados plans e programas no medio ambiente, dispuña no seu art. 13 a obriga dos estados membros de por en vigor as disposicións legais, regulamentarias e administrativas necesarias para dar cumprimento ao establecido nesa Directiva "antes del 21 de julio 2004".

A entrada en vigor o 21/04/06, (con considerable retraso e incumprindo os prazos de transposición da Directiva 2001/42/CE), da Lei 9/2006, de 28 de abril sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente (BOE de 29 de abril de 2006) é posterior ao primeiro acto preparatorio formal de aprobación do PERI que nos ocupa. Este retraso na trasposiccción da Directiva, deu lugar a que se interpretara e discutira en tódolos foros a aplicabilidade da técnica da avaliación ambiental estratéxica aos Plans Xerais de Ordenación Municipal, Plans de Sectorización e Plans Parciais en tramitación en canto que eran aqueles que puideran ter efectos significativos sobre o medio ambiente. A Lei 15/2004, á que nos referiremos a continuación, incluía tamén os Plans Especiais que afectasen a terreos clasificados como solo rústico que precisarían de informe ambiental por parte da Consellería de Medio Ambiente.

Entenderase por primeiro acto preparatorio formal o documento oficial dunha Admón. competente que manifeste a súa intención de promover a elaboración do contido dun plan ou programa e mobilice para isto recursos económicos e técnicos que fagan posible a súa presentación para aprobación.

Con posterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2006 tentouse pola Consellería de Medio Ambiente a elaboración dun decreto que regulase a adaptación dos requirimentos ambientais da Lei 9/2002, do 30 de decembro, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro LOUG (precisamente para atender ós pronunciamentos da Directiva Europea 2001/42/CE) á Lei Estatal Básica 9/2006, (que incorpora ao dereito interno a referida directiva); decreto que non se chegou a aprobar o que incrementou a inseguridade xurídica.

É coñecida a existencia de opinións doutriniais que defenden a suficiencia do Estudio de sostenibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico como documentación a incorporar nos plans, o sometemento deste a información pública e ó preceptivo informe ambiental da Consellería de Medio Ambiente, consonte ó previsto na LOUG, para dar cumprimento á Directiva citada. Estas opinións inciden en que a Lei 9/2006 non alteraba o procedemento da LOUG dictada pola Administración con competencia exclusiva no urbanismo precisamente para cumprimentar o mandato da referida directiva e resaltan que a Lei 9/2006 e a nova técnica da avaliación ambiental estratéxica, non resulta de aplicación ós plans urbanísticos en tramitación ata que se modificase o procedemento establecido pola LOUG, precisamente

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

para adaptalo ás previsión da lei básica estatal consonte ó teor literal do art. 7.1 da Lei 9/2006.

Esta tese doutrinal referida á problemática aplicación da Lei 6/2006 ao planeamento en tramitación en Galicia, antes da entrada en vigor da Lei 6/2007, estima pois que Galicia atendeu o mandato incluído na Directiva 2001/42/CE no eido dos plans urbanísticos coa aprobación da Lei 15/2004, introducindo as modificación oportunas sobre a elaboración e aprobación dos plans xerais, plans de sectoriación e plans parciais e respecto aos plans especiais só os que afecten ao solo rústico, tal e como se establece na súa exposición de motivos.

A integración dos procedementos de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico coa AAE, non se produce ata a modificación da LOUG por mor da entrada en vigor o 17/05/07 da Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e litoral de Galicia, con posterioridade á segunda das aprobacións iniciais do PERI que tivo lugar o 5/02/07.

O art. 5. d) da Lei 6/07, inclúe os plans especiais entre os que serán obxecto de AAE, só cando o decida o órgano ambiental.

III.- As dúbidas que suscita o requirimento derivan non só da súa posible extemporaniedade se temos en conta a data de entrada no rexistro da Consellería da Presidencia (30/10/07) ou da posibilidade de aplicación retroactiva do art. 5 d) da Lei 6/07, senón tamén do sometemento do planeamento de desenvolvemento que nos ocupa á técnica da AAE tal e como se determina no informe da asesoría xurídica do Concello do 14/12/07 a cuxo contido nos remitimos por mor da brevidade.

Nese informe alúdese á intemporalidade das normas de procedemento en base á ausencia de disposición transitoria na Lei 6/07, a diferenciada D.T. Terceira da LOUG que modifica; e conclúese, logo dunha ampla argumentación xurídica, que a cuestión ou controversia sobre a aplicación retroactiva determina que, de existir, o vicio do que adoecería o procedemento sería de anulabilidade e non de nulidade e pleno dereito como se invoca no requirimento.

Lémbrese que consonte ao art. 2.3 do Código Civil as leis non terán efecto retroactivo senón dispuxeren o contrario, polo que é amplamente discutible a aplicabilidade retroactiva do precepto da Lei 6/07 invocado.

Non é tampouco palmario que un PERI como o que nos ocupa, ata a entrada en vigor da Lei 6/07, estivese dentro do ámbito de aplicación da Lei 9/2006, á vista do teor literal do art. 3 e 4 en relación co anexo II xa que non vai ter efectos significativos sobre o medio por non dar lugar á futura autorización de proxectos sometidos á avaliación de impacto ambiental, nin



## **CONCELLO DE PONTEVEDRA**

esta dentro da Rede Natura 2000, e non existía norma de adaptación en vigor que, como a citada, obrigase expresamente a someter os plans que establezan o uso de zonas de reducido ámbito territorial á decisión do órgano ambiental sobre se debe ser ou no obxecto de AAE.

IV.- O instrumento de desenvolvemento do Plan xeral que nos ocupa atinxe a un ámbito de solo urbano non consolidado fortemente, senón totalmente antropizado, rodeado pola malla urbana e con edificacións no seu interior. Está delimitado por viais urbanizados que integran o tecido que define a malla e non inclúe, nin terreos rústicos, nin incluídos na rede natural, sendo claramente a ordenación detallada dun ámbito menor do planeamento.

Así as cousas, malia o anteriormente argüído, e tendo en conta a interpretación do órgano ambiental do establecido na devandita disposición transitoria primeira en relación cos artigos 3.3 e 4 da Lei 9/2006 de 28 de abril sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, disposicións de aplicación do Real Decreto Lexislativo 1302/1986 de 28 de xuño de avaliación do impacto ambiental, na redacción conferida pola devandita Lei 9/2006, e co disposto no artigo 86 da LOUG, razóns de seguridade xurídica aconsellan dirixirse á Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, mediante a remisión dun exemplar do PERI como documentación acreditativa das características, situación e potencial impacto do proxecto, a fin de que o órgano ambiental determine a necesidade de someterse ou non a avaliación do impacto ambiental, semellando probable que se entenda que o proxecto non vai ter efectos significativos no medio ambiente, se temos en conta antecedentes de decisións como a do caso TAFISA ou Valdecorvos, o que reforzaría que non estamos ante un suposto de nulidade radical.

Por máis abastamento cómpre ponderar respecto das cuestións de protección do patrimonio cultural que neste caso si consta intervención expresa do órgano competente da Consellería de Cultura e Deportes, como se indica no acordo de aprobación definitiva.

V.- Corresponde ao Pleno da Corporación, a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, como establece o artigo 123.1 i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, co quórum da maioría simple dos membros da Corporación presentes esixido polo art. 123.2 da referida Lei 7/85, previo ditame da Comisión Municipal de Urbanismo e Medio Ambiente. Tamén lle corresponde a adopción do presente acto consonte o disposto nos artigos 65 da Lei 7/1985 e 216.1 e 217 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, en relación co

## **CONCELLO DE PONTEVEDRA**

art. 123.1 m) da Lei 7/1985, que establece a competencia plenaria para o exercicio de accións administrativas e a defensa xurídica do Pleno en materia das súas competencias co mesmo quórum establecido anteriormente.

VI.- En conclusión e á vista de todo o anterior comprententizar as dubidas razoables que xorden e as interpretacións contraditorias sobre a necesidade de sometemento ou non do PERI que nos ocupa non só a AAE senón mesmo ao trámite de solicitude expresa de excepción, incidindo en que a lexislación procedimental que se cita no requirimento como infrinxida, entrou en vigor con posterioridade ao inicio da tramitación do expediente e con serias dúbidas sobre a aplicabilidade retroactiva da Lei 6/2007 ao procedemento que nos ocupa, consonte ao que establece o art. 2.3 do Código Civil en relación co art. 9.3 da Constitución.

En todo caso o que si que semella palmario e que en ningún caso a ausencia dun trámite que con toda probabilidade determine a exclusión do procedemento de AAE sustentaría un suposto de nulidade de pleno dereito por prescindir total e absolutamente do procedemento como reza no requirimento, senón que estaríamos, como moito, e de existir, ante un suposto de anulabilidade (art. 63 da Lei 30/1992) xa que se trataría dunha deficiencia emendable consonte aos institutos da conservación dos actos e trámites e de validación, que se recollen nos arts. 66 e 67 da Lei 30/1992. Tráese a colación expresamente o art. 67.3 da lei de procedemento citada consonte o cal se o vicio invalidante consistise na falta dalgunha autorización, poderá ser validado o acto mediante o outorgamento do mesmo polo órgano competente.

Xa que logo, e con fundamento nos principios de lealdade institucional e respecto ás competencias lexítimas doutras Administracións que este Concello observa en tódalas súas actuacións, e aproveitando a falta de entrada en vigor da disposición xeral que non depregará eficacia e carece de executividade ata a publicación das súas normas e ordenanzas no BOP (art. 92 LOUG e 70.2 en relación co art. 65 da LRBRL).

O Pleno do Concello, por maioría, co voto a favor de 13 concelleiros (os 7 do grupo político municipal do BNG e os 6 do grupo político municipal do PS de G-PSOE) e a abstención de 12 concelleiros (os 12 concelleiros do grupo político municipal do Partido Popular), e de conformidade co ditame da Comisión Informativa municipal de Urbanismo e Medio Ambiente, presta a súa aprobación ao proxecto de acordo da Xunta de Goberno Local e, como medida cautelar, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Suspender cautelarmente a publicación das normas e as ordenanzas do Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Actuación nº 5 do PXOU rúas da Galera, Arcebispo Malvar e Fonte da Moureira, formulado pola entidade mercantil

## **CONCELLO DE PONTEVEDRA**

"INMOBILIARIA MASAR, S.L.", proxecto técnico refundido redactado polo arquitecto Jose M. Fernández Barreira, con data de visado colexial de 3/10/07, no "Boletín Oficial" da Provincia, acordada no punto 3º do acordo Plenario do 19/10/07 ata o cumprimento do trámite que se establece no punto seguinte, con comunicación do presente acto a promotora con ofrecemento do réxime de recursos procedente.

SEGUNDO.- Comunicar expresamente á Dirección Xeral de desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible a tramitación do PERI da UA 5 do PXOU, con remisión dun exemplar do PERI como documentación acreditativa das características, situación e potencial impacto do proxecto, aos efectos previstos na Disposición Transitoria Primeira 2, da Lei 9/2006 en relación co art. 7 do mesmo texto legal, en relación co art. 5 e seguintes da Lei 6/2007, do 11 de maio de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, instándolle pronunciamento ou decisión expresa do órgano ambiental sobre a innecesariedade de sometemento do procedemento á técnica de avaliación ambiental estratéxica (AAE) prevista na lei 6/2006 polos motivos que se expresan no expositivo, entendendo que o proxecto non vai ter efectos significativos no medio ambiente, agradecendo o urxente despacho do requirido, nos termos do artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, sobre principios de colaboración entre Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Considerar, deste modo, debidamente cumprimentado o requirimento presentado pola anterior, significando que unha vez recibida a contestación referida no paragrafo previo, de decidirse a innecesariedade de sometemento á AAE, declararase a subsanación do trámite e a validez do procedemento seguido.

### **3.- ECONOMÍA E FACENDA. DESESTIMACIÓN, SE PROCEDE, DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS E APROBACIÓN DEFINITIVA DAS ORDENANZAS FISCAIS NÚMEROS 18/2008 E 19/2008.**

De orde da Presidencia o Secretario Xeral do Pleno dá lectura ao ditame da Comisión Permanente de Economía e Facenda sobre a proposta da Xefatura do Servizo de Xestión Tributaria de desestimación, se procede, das alegacións presentadas e aprobación definitiva das ordenanzas fiscais números 18/2008 e 19/2008, aprobada como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 18 de decembro de 2007.

Aberto o debate, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, intervén **don Raimundo González Carballo**, manifestando: "Bos días, súmome ao espírito navideño

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

e ao mesmo tempo á felicitación anticipada a Teresa Pedrosa; vou tratar os tres asuntos conxuntamente porque son reclamacións contra as ordenanzas, vou facer un enfoque xeral dos tres, despois tratamos un a un, non hai ningún problema, é a intervención inicial, terei dereito a facela como considere oportuno."

De seguido intervén, en representación do grupo municipal do Partido Popular, **don Telmo Martín González**, dicindo: "Señor Presidente, non quero interromper, pero mire o Partido Popular vai a votar a favor nos dous primeiros puntos que teñen, polo tanto vai por unanimidade e creo que debía debater o seguinte, creo que era mellor, como xa empezou a falar, pensamos que non ía haber ningunha intervención, posto que no punto 3 e no punto 4 estamos de acordo, polo tanto creo que é mellor, digo eu, creo que era mellor votar, no punto 5 fai a intervención, pero como queiran vostedes."

Contesta o **Sr. Alcalde-Presidente**, o seguinte: "Poderá facer unha intervención o Concelleiro; vostede faga a intervención."

Continua o **Sr. González Carballo**, dicindo: "Fago unha intervención e xa me ciño ao punto 5 e entón fago unha intervención xeral de todo, non creo que estea en contradición co que vostede acaba de dicir; das 25 ordenanzas que se someteron ao pleno, hai aproximadamente dous meses, houbo unha serie de reclamacións, en concreto as reclamacións contra tres ordenanzas, unha contra a de telefonía móbil, outra contra a de auga e rede de sumidoiros, e outra dunha serie de corrección de erros ao respecto de varias delas; en primeiro lugar dicir que a alegación da telefonía móbil basease en que se crea unha taxa polo 1,5%, cousa que é falso porque é pola utilización do dominio público local, polo tanto os informes técnicos estiman que non é necesario, perdón, que non contradín nada a aprobación e polo tanto se propón desestimala; outra das alegacións era do porto de Marín que propón que se cre unha tarifa especial de auga e rede de sumidoiros pero iso vulneraría o estudo económico; por último, de igual maneira que o podemos ver no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia, pois sempre hai unha serie de erros materiais que se producen e que hai que proceder a unha corrección de erros en concreto nunha serie de taxas que algunhas beneficia ao administrado e outras prexudica pero vai no sentido de que se acordara a suba do dous por cento en todas elas e, en todo caso, pois había erros aritméticos de cálculo que ese é o problema fundamental; polo tanto a proposta é desestimar tanto a alegación do Porto de Marín como a telefonía móbil e por outro lado estimar as correccións de erros materiais que se produciron coa aprobación provisional da ordenanza, e nada máis."

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

Seguidamente, en representación do grupo municipal do Partido Popular, fai uso da palabra **dona Guadalupe Murillo Solís**, manifestando: "Don Raimundo, con el espíritu navideño este que nos va a caracterizar en el Pleno de hoy porque va a durar media hora como mucho, vamos a votar a favor efectivamente en el tema de las desestimación del recurso que presenta el puerto de Marín, vamos a votar a favor en el recurso efectivamente que se presenta en relación con las compañías de telefonía móvil, aunque sí es cierto que ahí puede que perdamos en los tribunales esta tasa, porque tengo mis dudas de que efectivamente no haya una doble imposición, pero bueno que lo perdamos en los tribunales; y en tercer lugar lo que así me gustaría destacar en el punto cinco, lo que acaba de decir, realmente no haría mucho debate político porque estamos en Navidad y no me gustaría hacer mucha sangre, pero después de haber oído que usted dice que siempre se producen erros materiales, hombre, en un concello como Pontevedra no deberían producirse con esta normalidad, porque si cree que es muy normal no lo veo, creo que deberíamos ser mucho más rigurosos en este concello más que nada cuando afecta al bolsillo de los ciudadanos, usted también ha comentado en este discurso que acaba de hacer que unas veces con estos errores materiales en unos casos se ha perjudicado y en otros se ha beneficiado al ciudadano, no es así, no sé en qué caso se ha beneficiado, usted sabe que los errores materiales que de aquí se desprenden son efectivamente la falta de actualización dese 2% que efectivamente admitimos subir en el pleno anterior, si no se sube lógicamente queda más barato en todo caso cualquier tipo de tarifa, entonces siempre está perjudicando, o sea ha sido un error material pero estamos perjudicando al ciudadano en todos los casos; hay un desliz también, un error material, en el tema de un váter, en una de las ordenanzas, que se había colado 14,68 y son 168,4, o sea el error material es importante pero bueno que siempre perjudica, ahora está claro que nosotros hemos aprobado en el pleno esta ordenanza; lo que si pedimos, por favor, no sé si es un tema político o es un tema que no se cual es el problema pero creo que debería ser mucho más riguroso este Ayuntamiento, creo que tenemos profesionales, a lo mejor estamos haciendo las cosas muy lentas pero yo espero que ya que se hacen tan lentas que se hagan con estudios y con planificación, cosa que si venimos demandando desde este grupo político hace tiempo, profesionalización, estudio y planificación, creo que es fundamental para poder conseguir una ciudad más grande y más importante, pero que a este tipo de chorradas podemos llegar en un tema como el de las ordenanzas fiscales que afectan al bolsillo de los ciudadanos de esta ciudad, hay que ser mucho más rigurosos que no se nos pueden colar estas cosas don Raimundo, si hay que darle más horas, o puntear más las cosas, pero es que es un poco vergonzoso que lleguemos aquí así; nada más, vamos a votar a favor pero por favor pedimos más rigurosidad al hacer cualquier tipo de ordenanza fis-

## **CONCELLO DE PONTEVEDRA**

cal en el Ayuntamiento, que es un tema importantísimo."

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por unanimidade, e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Economía e Facenda, acorda:

PRIMEIRO.- DESESTIMAR as alegacións presentadas por D. Miguel Ángel Navarro Veroz NIF e/r AUTORIDAD PORTUARIA DE MARÍN Y RÍA DE PONTEVEDRA aos expedientes de modificación das ordenanzas fiscais N° 18/2006 reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga e N° 19/2008 reguladora da taxa pola prestación do servizo de xestión da rede de sumidoiros en base aos fundamentos seguintes:

En canto á primeira alegación que realiza o interesado:

"1ª) Que se considere a la Autoridad Portuaria de Marín y Ría de Pontevedra, sujeto pasivo sustituto de las tasas a las que se refiere las disposiciones cuya modificación se insta, así como respecto de aquellas tasas cuyo hecho imponible, base o cuantificación, dependa directa ou indirectamente de las disposiciones que afectan a ambas tasas", a mesma xa se encontra incorporada ao texto de ambas ordenanzas nos seus artigos 2.2 "Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, os propietarios de inmobles, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daqueles, beneficiarios do servizo". Todo elo en cumprimento do artigo 36 da lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, como así cita o interesado no escrito de alegacións.

Desta forma, a Autoridad Portuaria de Marín y Ría de Pontevedra consta como substituto do contribuínte nos contratos citados nos supostos de feito, puidendo repercutir as cotas aos beneficiarios do servizo, de ser o caso.

En canto á segunda e terceira alegación, o interesado establece o seguinte:

"2ª) Que se contemple diferenciadamente a la Autoridad Portuaria de Marín y Ría de Pontevedra y se incorpore en el texto de la Ordenanza Fiscal número 18, reguladora de la tasa por la prestación del servicio de abastecimiento de agua, en el artículo 6º (cuota tributaria), apartado 3º (tarifas), subapartado segundo (disponibilidad y consumo), un nuevo epígrafe -"f) Autoridad Portuaria de Marín y Ría de Pontevedra"-, en el que se establezca diferenciadamente una tasa por el servicio de suministro de agua a la zona de servicio del Puerto de Marín, por importe de 0,20 €/m3.

"3ª) Que respecto a la Ordenanza Fiscal número 19, reguladora de la tasa del servicio de gestión de la red de sumideros, se considere a la Autoridad Portuaria de Marín y Ría de Pontevedra, y se incorpore en el artículo 6º (cuota tributa-

## **CONCELLO DE PONTEVEDRA**

ria), apartado 3º (tarifas), un nuevo epígrafe -"e) Autoridad Portuaria de Marín y Ría de Pontevedra"-, en el que se contemple diferenciadamente una tasa por el servicio de gestión de la red de sumideros en la zona de servicio del Puerto de Marín, por importe de 0,10 €/m<sup>3</sup>.

Neste caso, tanto a alegación 2ª como a 3ª non se encontran fundamentadas suficientemente por canto é o estudio económico-financeiro o que establece os tipos de tarifas e o seu custe conforme os cálculos realizados no mesmo.

No mesmo senso, una redución na tarifa sen estar fundamentada no propio estudio económico-financeiro ou nunha lei ou derivada da aplicación dun tratado internacional (conforme ao establecido no artigo 9.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais) suporía un quebranto no principio de igualdade conforme aos demais contribuíntes suxeitos ás taxas referidas.

SEGUNDO.- APROBAR DEFINITIVAMENTE as Ordenanzas na mesma redacción procedente da súa aprobación provisional.

TERCEIRO.- Que se proceda á publicación do presente acordo e do texto íntegro das devanditas ordenanzas fiscais para a súa entrada en vigor.

### **4.- ECONOMÍA E FACENDA. DESESTIMACIÓN, SE PROCEDE, DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 27/2008.**

Realizado o debate conxuntamente no punto nº 3 da orde do día, procedeuse á VOTACIÓN ordinaria do presente asunto e o Pleno do Concello, de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Economía e Facenda, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- DESESTIMAR AS ALEGACIONES presentadas por Dª. María Teresa Arcos Sánchez, con DNI 05.402.768 - E, en calidade de directora xeral da mercantil REDTEL, polas seguintes causas:

a) Motivos 1, 2, 6 y 7: Porqué se trata de motivos fundados en razones estrictamente políticas o sociolóxicas que no afectan en ningún caso a la legalidad de la ordenanza propuesta.

b) Motivos 3 y 5: En cuanto la imposición obligatoria ope legis del impuesto sobre actividades económicas, regulado en el Texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, y de la tasa por reserva del dominio público radioeléctrico, prevista en la Ley 32/2003, de 3 noviembre, general de

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

telecomunicaciones, no empiece la posibilidad de imposición municipal a través de tasas que graven las ocupaciones de dominio público. A mayor abundamiento, el Tribunal Supremo en reciente sentencia de 16 de julio de 2007, dictada en casación en interés de ley, ha proclamado que no existe ningún conflicto ni colisión entre la Ley general de telecomunicaciones y el Texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales.

c) Motivo 4: En el que en realidad se recogen dos motivos:

- El primero, que los servicios de telefonía móvil no se encuentran incluidos en el régimen especial de cuantificación previsto en el artículo 24.1.c) del Texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales. Lo que obviamente es cierto. Como también es cierto que la ordenanza no sujeta la cuantificación de estos servicios a este régimen, sino al general previsto en el artículo 24.1.a) del mismo texto legal, tal como consta en el informe económico - financiero. Motivo que, por lo tanto, no resulta oponible.

- El segundo, que "la telefonía móvil ... no aprovecha, con carácter general, dominio público municipal". Aseveración que es falsa, como ya tienen declarado los tribunales (por todas, la sentencia nº 777/2005 del Tribunal Superior de Justicia de Cataluña). En dicha sentencia se afirma que las empresas de telefonía móvil, tanto si son titulares de las correspondientes redes como si lo son de derechos de uso, acceso o interconexión a las mismas, llevan a cabo indudablemente un aprovechamiento del dominio público municipal, y, por lo tanto, realizan sin duda alguna el hecho imponible de la tasa.

SEGUNDO.- APROBAR DEFINITIVAMENTE a redacción da ordenanza fiscal nº 27/2008 reguladora da taxa por la utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil, a que se refire o acordo provisional.

TERCEIRO.- ORDENAR LA PUBLICACIÓN do presente acordo e do texto íntegro da ordenanza fiscal nº 27/2008, no Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor.

**5.- ECONOMÍA E FACENDA. ESTIMACIÓN, SE PROCEDE, DAS ALEGACIONES PRESENTADAS E APROBACIÓN DEFINITIVA, COAS CORRECCIONES CORRESPONDENTES, DAS ORDENANZAS FISCAIS NÚMEROS 1/2008, 3/2008, 7/2008, 8/2008, 20/2003 E 23/2008.**

Realizado o debate conxuntamente no punto nº 3 da orde do día, procedeuse á VOTACIÓN ordinaria do presente asunto e o Pleno do Concello, de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Economía e Facenda, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- ESTIMAR AS ALEGACIONES presentadas por D. Ale-



## CONCELLO DE PONTEVEDRA

Jandro González Balboa, con DNI n.º 44.088.436-N, e que, nas Ordenanzas fiscais que se indican a continuación, se fagan as seguintes rectificacións:

a) Que no apartado 3 do artigo 6 da Ordenanza fiscal n.º 1/2008 na tarifa por solicitude de expropiación forzosa en favor de particulares no caso de exceso de 10 Ha. en diante, onde di "0,016 €/m<sup>2</sup>" diga "0,02 €/m<sup>2</sup>". No apartado 7 do mesmo artigo, na tarifa por formalización de contratos administrativos cun importe de adxudicación entre 6.010,13 € e 30.050,61 €, onde di "0,369%" diga "0,38%". No mesmo apartado nos contratos administrativos cun importe de adxudicación comprendido entre 30.050,62 € e 60.101,21 €, onde di "0,123%" diga "0,13%".

b) Con respecto á Ordenanza fiscal n.º 3/2008: no artigo 5.b) onde di "multiplicar por 5 euros" diga "multiplicar por 5,10 euros".

c) Con respecto á Ordenanza fiscal n.º 7/2008: no artigo 5.1.c) onde di "cun valor mínimo de 15 euros" diga "cun valor mínimo de 15,30 euros".

d) Con respecto á Ordenanza fiscal n.º 8/2008: na tarifa por nicho no cemiterio de Bora, en primeira fila por 5 anos, onde di "148,84 €" diga "145,84€".

e) Con respecto á Ordenanza fiscal n.º 20/2008: no apartado 2.1.3 do anexo 1, onde di "Mb=400 €/m<sup>2</sup>" diga "Mb=408,00 €/m<sup>2</sup>". No apartado 4 do anexo 1 no epígrafe dedicado aos acabados, na tarifa por revestimento de recebo e lucido, onde di "11,63" diga "11,73". No mesmo epígrafe na tarifa por pavimento de materiais laminados (vinilo, pvc, goma), onde di "27,15" diga "26,85" No epígrafe dedicado a defensas, na tarifa por persiana de seguridade metálica, onde di "136,28" diga "136,26". No epígrafe por instalacións interiores, na tarifa por lavabo, onde di "16,31" diga "168,31".

f) Con respecto á Ordenanza fiscal n.º 23/2008: no epígrafe de tractores, na tarifa de 16 a 25 cabalos fiscais, onde di "41,47 €" diga "42,47 €".

SEGUNDO.- APROBAR DEFINITIVAMENTE a redacción das ordenanzas fiscais n.º 1/2008, n.º 3/2008, 7/2008, 8/2008, 20/2008 e 23/2008, coas rectificacións sinaladas no punto anterior.

TERCEIRO.- ORDENAR A PUBLICACIÓN do presente acordo e do texto íntegro das ordenanzas fiscais n.º 1/2008, n.º 3/2008, 7/2008, 8/2008, 20/2008 e 23/2008, que se achegan como anexo a este informe, no Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor.

## **CONCELLO DE PONTEVEDRA**

### **6.- EDUCACIÓN E CULTURA. NOMEAMENTO REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN NO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO.**

De orde da Presidencia o Secretario Xeral do Pleno dá lectura ao ditame da Comisión Permanente de Cultura e Festas sobre a proposta de nomeamento de representante da Corporación municipal no Consello Social da Universidade de Vigo.

Aberto o debate, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, fai uso da palabra **dona María Dolores Dopico Aneiros**, para agradecer a unanimidade dos grupos políticos na designación de representante.

A continuación intervéñ **dona María Celia Soto Espiña**, en representación do grupo municipal do Partido Popular, dicindo: "Bos días a todos, como seguimos con espírito navideño o Partido Popular tamén vai votar a favor neste punto pero quixera apuntar que aínda que non é o habitual senón que o habitual é a abstención e nós imos votar a favor, temos que dicir que nos gustaría que fose consensuado, é dicir o nomeamento, e estou repetindo que votamos a favor, e polo tanto a petición que queda encima da mesa para o vindeiro ano e que se consensuen polo menos os temas que se vaian tratar, moitas grazas.".

Contesta o **Sr. Alcalde-Presidente**, o seguinte: "Creo que este tema e a substitución dunha persoa que neste momento non está na Corporación e creo que entrou dentro do paquete global de análises de representación do Concello en todas as institucións que naquel momento correspondía a unha persoa que se substitúe pero que entrou dentro do análise global de representacións da Corporación nos distintos organismos; en todo caso agradecemos a unanimidade e sometemos o punto a votación.".

Rematado o debate e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por unanimidade, acorda designar a dona Margarita Castejón García, Concelleira de Goberno delegada da área de Benestar Social, Educación e Vivenda, representante da Corporación municipal no Consello Social da Universidade de Vigo.

### **7.- MOCIÓNS URGENTES (NO SEU CASO).**

**APROBACIÓN DE DOCUMENTO MODIFICADO DO 2º PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA DO CONCELLO DE PONTEVEDRA NO ÁMBITO DO SEU SECTOR B-1 DE SOLO RESIDENCIAL EN VALDECORVOS-MOURENTE, CON ORDENACIÓN PORMENORIZADA PARA ACLARACIÓN DAS OBSERVACIÓNS EFECTUADAS POLA CPTOPT EN INFORME DE 11/12/07.**

Dáse conta de proposta da Concelleira delegada da Área de Urbanismo (Xestión Urbanística), de data 20 de decembro de

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

2007, motivando a urxencia para debater e votar a aprobación do documento modificado do 2º proxecto de modificación puntual do PXOU deste Concello, no ámbito do seu sector B-1 de solo residencial en Valdecorvos-Mourente, con ordenación pormenorizada para aclaración das observacións efectuadas pola CPTOPT en informe de data 11 de decembro de 2007, e propoñendo a aprobación da proposta de acordo formulada pola Dirección Xeral da Área de Urbanismo con data 19 de decembro de 2007, previa inclusión do informe preceptivo emitido polo Secretario Xeral.

Aberto o debate fai uso da palabra o **Sr. Alcalde-Presidente**, quen manifesta: "Hai un punto que non está na orde do día e que consideramos que se debería incluír que sería a aprobación provisional, se procede, do texto refundido da modificación puntual do PXOU para ordenación do solo residencial de Valdecorvos, logo das correccións efectuadas a requirimento da Xunta de Galicia que se debateu na Comisión."

Seguidamente, en representación do grupo municipal do PS de G-POSE, intervén **dona María Teresa Casal García**, dicindo: "Non se debateu, na Comisión se lles dixo que se lle darían os informes en canto estiveran que foi onte, supoño que onte se lles trasladaría a miña proposta sobre a urxencia e os informes do Secretario e do Director Xeral, e iso falámolo na Comisión anterior anunciando que ía vir neste Pleno e que iso era o que faltaba e quero saber se lles entregou, como se me dixo, tanto a miña proposta en canto a urxencia como informe do señor Secretario do Pleno e o informe do Director Xeral ao día de onte."

A continuación fai uso da palabra **don Telmo Martín González**, en representación do grupo municipal do Partido Popular, manifestando: "Estamos coa urxencia e nós imos votar a favor e votar tamén a favor do punto, o que non nos parece normal é que un tema de tanta importancia haxa que traelo agora aquí e que esteamos dando unha imaxe un pouco que non nos gusta, non estamos en contra do tema de Valdecorvos, pero nos parece que este asunto ten suficiente transcendencia e importancia para tratalo como un punto da orde do día e todo iso pero que quede claro creo que é un tema tal como para traelo, nós non queremos opoñernos agora aquí votando en contra pero nós cremos que iso se podería acordar na primeira ou segunda semana de xaneiro nun pleno extraordinario que nos parece que sería bo; estamos a favor do tema de Valdecorvos e imos a votar a favor, pero dende logo eu pediríache que iso que o retire, non o estou dicindo oficialmente para que o recolla o Secretario, pero páreceme un tema de tanta importancia e deixalo para xaneiro creo que non pasa nada."

Contesta o **Sr. Alcalde-Presidente**, o seguinte: "Imos a

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

ver, señor Martín, este un tema que se falou e se debateu na Xunta de Portavoces, é máis, por parte da Alcaldía se planteou a posibilidade de incluílo na orde do día aínda que non estaba completo o expediente e por parte de Secretaría se considerou que non se debería incluír na orde do día porque faltaban documentos que eran imprescindibles para incluílo, independentemente da aprobación da urxencia, pero si que sabemos todos o que estamos a falar, se comentou que se ía traer por vía de urxencia a este Pleno e punto, agora o que estamos debatendo neste momento a urxencia de tratar o tema e quero sometelo a votación."

Rematado o debate sobre a urxencia e tendo en conta a motivación exposta na proposta da Concelleira delegada da Área de Urbanismo (Xestión Urbanística), o Pleno do Concello, acorda declarar a urxencia e dispón o debate e votación do asunto epigrafiado.

Continua o **Sr. Alcalde-Presidente**, dicindo: "Creo que é un tema que veu varias veces a Pleno, que se debateu nas distintas comisións, e que supoño que a Concelleira de Urbanismo argumentará a importancia de que veña por urxencia ao Pleno polos prazos o polo que considere conveniente."

De seguido fai uso da palabra a **Sra. Casal García**, manifestando: "Como lle estaba dicindo antes, digamos informalmente, isto á parte de falarse na Xunta de Portavoces, falouse o martes na Comisión de Urbanismo e se lle dixo que en canto tivéramos os informes do Secretario do Pleno e do Director Xeral de Urbanismo se lle pasarían e isto foi onte, a día de onte, e xa digo a min dixéronme que se lle entregara onte os tres documentos, a proposta de inclusión do asunto por urxencia firmada por min, informe do Secretario do Pleno e informe do Director Xeral de Urbanismo, polo tanto isto estaba digamos que acordado xa, a urxencia creo que non hai case nin sequera que defendela, está clarísimo que este asunto é parte do acordo marco previo a esta actuación no que se lle daba a condición de área de urbanización prioritaria ao ámbito desta actuación e tamén a cualificación que ten de actuación protexida en materia de solo, o fin público de creación de vivendas sociais abonda ademais nesta protección, e ademais engadiría outro tema máis que é o fin tamén de facer un colexio público todos sabemos as necesidades que ten Pontevedra, nese senso, nese ámbito, polo tanto creo que a urxencia esta super xustificada, estamos dentro duns prazos que ademais nos corren para todos e tendo en conta que foi anunciado en Xunta de Portavoces, en Comisión e comentado creo que é máis que suficiente e que dispoñen vostedes desde onte dos informes precisos; entrando xa no tema en concreto non vou a facer o mesmo introito que fixen antes pero creo que podería ser aplicable aquí, unha vez aprobado por este pleno provisionalmente o texto refundido desta

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

modificación do PXOU para a reordenación de Valdecorvos, recibimos un informe da Xunta en que se nos fai unha serie de matizacións, o que se fai entón, houbo moitas reunións, podo dicir, desde ese momento a catro bandas, por unha parte XESTUR da Consellería de Vivenda, a Consellería de Política Territorial, a Consellería de Cultura e o propio Concello, e á vista destas conversas e destas reunións entre os técnicos o que se fai é un novo texto refundido que é o que hoxe ven a aprobación onde se modifican e se matizan aquelas cuestións aportadas tanto pola Consellería de Política Territorial como pola propia Consellería de Cultura, para ser breve tamén se pode dicir que se circunscribe no caso da Consellería de Política Territorial, ao o tema da conexión ao acceso deste ámbito coa carreteira de Ourense en que como saben esa carreteira é de Fomento, ou a conexión que se plantexaba estaba forzada un pouco polo que Fomento, loxicamente, esixiu no seu día, pero que o que si matizan é a conservación da pantalla vexetal por entender que isto é unha protección cara á propia zona residencial con respecto á carreteira, iso por suposto se vai facer; por outra banda, está o tema da finca singular que en un principio parecía que a Consellería de Política Territorial insistía en que debía estar catalogada como dentro do catálogo, non só como finca singular, senón ter unha maior protección pero aí incluso a propia Consellería de Cultura entendeu que era suficiente esta protección e o que si se fai é que tanto con respecto á finca singular que ademais se amplía a dúas fincas colindantes, a Consellería de Cultura plantexa unhas cautelas en canto a quen se en calquera momento se quere facer algunha actuación sobre esas fincas sería preciso tamén o informe da propia Consellería de Cultura; e por último, con respecto aos edificios que quedan en pé que se manteñen dentro deste ámbito o que se establece é que en caso de que se queira tamén actuar sobre estas edificacións será necesario facer un estudio de detalle e tamén se marca xa a edificabilidade que no caso das vivendas colectivas sería de baixo máis tres, e no caso das vivendas unifamiliares sería de baixo máis un, isto son esquematicamente relatadas as modificacións que se producen repito consensuadamente a catro bandas entre as catro administracións interesadas neste tema; loxicamente insisto na urxencia e na importancia que ten este tema para Pontevedra, todos sabemos desde cando ven isto que creo que dende o ano 2000 ou antes do ano 2000, 98 ou por aí, ou 92 me apuntan, ou sexa que aínda máis; creo que todo o que fagamos para conseguir que isto salga adiante que lles podo asegurar, señoras do PP, que o traballo en que máis me estou empregando dende que estou nesta responsabilidade é en tratar de desatascar todos estes asuntos que levan tanto tempo que creo que son importantes para Pontevedra, polo tanto como xa manifestaron o seu voto afirmativo doulle as grazas anticipadamente porque creo que nisto temos que estar todos en sacar para adiante os temas que a todos nos interesan."

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

A continuación intervén o **Sr. Martín González**, dicindo: "O que pasa é que vostedes mesmos o din, é un tema que leva dende o ano 92, creo que porque levara un mes máis non pasaba absolutamente nada, non hai prazo ningún que estamos a tempo, o que pasa é que iso ven motivado entre outras cousas, había un concelleiro de urbanismo e vostedes no pacto cambiaron e comprendemos tamén que na rodadura que ten que coller, coméntense estes erros, e ademais sendo as consellerías de onde veñen os informes do mesmo color político que vostede pois non debería de pasar isto pero en calquera caso nós estamos a favor de que se desenvolle o tema de Valdecorvos e por iso votamos a favor."

Rematado o debate sobre o asunto e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta do Director Xeral de Urbanismo, de data 19 de decembro de 2007, relativa á aprobación do documento modificado do 2º proxecto de modificación puntual do PXOU deste Concello, no ámbito do seu sector B-1 de solo residencial en Valdecorvos-Mourete, con ordenación pormenorizada para aclaración das observacións efectuadas pola CPTOPT en informe de data 11 de decembro de 2007, sendo os antecedentes, fundamentación xurídica, sentido do voto e parte dispositiva do acordo adoptado, os que a continuación se transcriben:

Examinado o expediente administrativo incoado por este Concello o 15/06/04, para a Modificación Puntual do PXOU en Valdecorvos, en desenvolvemento do protocolo formalizado entre o IGVS e o Concello o 07/02/01, documento elaborado pola Sociedade Anónima XESTUR PONTEVEDRA, sendo redactado o proxecto polos arquitectos don Galo Zayas Carvajal e don Jesús Llamazares Castro, e visto informe de 11/12/07 da Delegación Provincial da CPTOPT, con entrada no rexistro o 14/12/07, no que se require documentación aclaratoria da aprobada provisionalmente polo Concello, emítense o seguinte informe:

### ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Por acordo do Pleno da Corporación adoptado na sesión ordinaria de 28/09/07, prestábase aprobación provisional ao texto refundido, formulado polo Concello, do 2º proxecto de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana, para a ordenación do solo residencial de Valdecorvos, no ámbito do solo urbanizable B-1 e terreos de solo urbano adxacentes entre este sector e a Avda. de Lugo, documento achegado pola sociedade anónima "XESTUR PONTEVEDRA" e redactado polos arquitectos don Galo Zayas Carvajal e don Jesús Llamazares Castro.

2º.- Sometido o procedemento á aprobación definitiva da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Trans-

## **CONCELLO DE PONTEVEDRA**

portes, ao abeiro do disposto no art. 85.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada polas Leis 15/2004 e 6/2007, (en diante LOUG), o 14/12/07, rexistro de entrada nº 42048 remítese ao Concello pola xefatura do servizo provincial de urbanismo "escrito aclaratorio" referente á documentación do expediente de referencia ao que achega informe da Sra. Delegada Provincial no que se significa unha serie de cuestións a clarexar ou emendar na documentación remitida, en relación ás observacións do informe de 28/06/06 previo á aprobación inicial e que basicamente consisten en:

a.- Non quedar acreditadas convenientemente as condicións establecidas na ordenación para os volumes da edificación que se pretende manter, basicamente no suposto de substitución, e que se concretan nos dous seguintes puntos.

b.- Necesidade de ordenación de conxunto para as tres vivendas rurais existentes no norte do ámbito, buscando unha posta en valor dos elementos característicos que definen a súa tipoloxía e respecten a percepción xeral de vivendas rurais.

c.- Ordenación de conxunto das vivendas en bloque existentes ao sur da prolongación da rúa Amor Ruibal, aunando alturas e sinalando a edificabilidade para cada unha das dúas agrupacións de vivendas, deixando pendente o reaxuste das aliñacións e rasantes e a ordenación dos volumes aos estudos de detalle correspondentes (o que xa se prevía no suposto de vivendas colectivas).

d.- Estudio da conexión do eido coa N-541, "tentando de manter a característica vexetación existente no forte desnivel que delimita dita estrada co fin de que continúe existindo a pantalla vexetal coa entrada á cidade por ese fronte".

3º.- A Consellería de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, remite o 14/12/07 informe favorable ao proxecto, datado o 12/12/07, por mor de consulta formulada pola CPTOPT, coa condición de que se inclúa como cautela que calquera intervención nas parcelas P8 ou P9 deberá contar con autorización previa desa Dirección Xeral a cal poderá establecer condicionantes sobre volume, alturas etc. en función dos criterios de protección de patrimonio, con independencia do establecido na normativa que lle sexa de aplicación.

4º.- O 18/12/07, rexistro de entrada nº 42374, a Xerente de "Xestur Pontevedra" achega documento aclaratorio e complementario para cumprimentar o requirido pola CPTOPT e Consellería de Cultura. Nese documento introdúcese na memoria, normativa e orzamento as aclaracións pertinentes en relación ao enlace coa N-541 para manter a pantalla verde e modifícanse os arts. 17, 18, 19 e 20, concretando os incrementos de edificabilidade que admite o art. 139 da Normativa do PXOU para a parcelas P7 e P8, coas correspondentes condicións particula-

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

res. Tamén se recollen de xeito ordenado, detallado e refundindo co anteriormente previsto, as determinacións e datos que se sinalaban no anexo 5, renumerando os restante preceptos. Asemade revísanse o planos 022, -como consecuencia de detallar o incremento de edificabilidade prevista no art. 139 e por aplicación analóxica á parcela colindante, restando a equivalente edificabilidade comercial-, e o plano 026, suprimindo a limitación do número de plantas de soto a solicitude do IGVS con eliminación en memoria e ordenanzas da devandita limitación.

5º.- O 24/09/07 emítase informe polo arquitecto da Oficina Técnica de Planeamento e Xestión Urbanística no que textualmente indica:

*"La documentación presentada se ajusta a las determinaciones de los informes de la Consellería de Cultura, Juventud y Deportes y de la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas y Transportes, por lo que se informa favorablemente".*

Considerando de aplicación os seguintes FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Damos por reproducidos por mor da brevidade os fundamentos de dereito do informe xurídico con proposta de resolución que serviu de base ao acordo de aprobación provisional.

II.- Á vista do informe emitido pola CPTOPT no que se sinalan unha serie de cuestións e observacións de índole menor a clarexar, mesmo ampliando a documentación aprobada e unha vez introducidas as modificacións subsecuentes para emendar clarexar e reparar estas, procede a súa aprobación polo Pleno e elevar de novo o documento á aprobación definitiva da CPTOPT.

III.- Faise constar que as modificacións introducidas para reparar as observacións non conlevan un cambio substancial do documento inicial e provisionalmente aprobado pola adopción de novos criterios verbo da clasificación e cualificación do solo ou en relación coa estrutura orgánica do territorio, que precisasen abrir un novo trámite de información pública con anterioridade ao novo acordo plenario e remisión da documentación reparada á CPTOPT, nin tan sequera audiencia ao propietarios, xa que se trata de simples aclaracións, modificacións menores e concrecións da proposta sometida a información pública.

Reiterase que se trata de establecer mecanismos e normas de urbanización que garantan o mantemento da pantalla vexetal no entronque coa N-541, -cuns accesos impostos pola Administración titular da estrada-, e refundir e matizar unha serie de ordenanzas co anexo 5, introducindo a cautela requirida e clarificando e cohonestando a ordenación proposta por rueiros, con determinación de edificabilidades e no seu caso alturas



## **CONCELLO DE PONTEVEDRA**

así coma os quinteiros que deben abranguer os estudos de detalle previstos.

IV.- A competencia para acordar a aprobación provisional corresponde ó mesmo órgano que acordou a aprobación inicial, art. 130 do Regulamento de Planeamento, isto é ó Pleno da Corporación, art. 85 da LOUPMRG, art. 123.1 i) da Lei 7/85, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local Local na redacción conferida pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, 64.2.c) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e art. 41.2.F do Regulamento orgánico do pleno e das súas comisións aprobado polo Pleno do 21/10/05, (BOP nº 248 do 28/12/05), polo que a competencia para aprobar o documento reformado de aclaración e emenda das observacións tamén corresponde ao devandito órgano plenario, co quórum esixido polo art. 47.2.11) e 123.2, da referida Lei 7/1985, é dicir, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Atendendo ó exposto e dado que as modificacións introducidas non teñen carácter substancial, e unha vez declarada a urxencia, con motivación nas determinacións do acordo marco polo que se declarou pola Consellería e Ministerio de Vivenda área de urbanización prioritaria a zona de Valdecorvos e se outorga a cualificación de actuación protexida en materia de solo, tal e como se desprende do Acordo da Comisión Bilateral de 23/04/07, no que este Concello comprometeuse a axilizar as autorizacións correspondentes ao proceso de urbanización e promoción das vivendas protexidas que se van executar no sector, o Pleno do Concello, por unanimidade, que representa a maioría absoluta do número legal dos seus membros, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao documento modificado do texto refundido do 2º proxecto de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana para a ordenación do solo residencial de Valdecorvos, no ámbito do solo urbanizable B-1 e terreos de solo urbano adxacentes entre este sector e a Avda. de Lugo; documento formulado polo Concello, achegado o 18/12/07 pola sociedade anónima "XESTUR PONTEVEDRA" e redactado polos arquitectos don Gallo Zayas Carvajal e don Jesús Llamazares Castro, que abrangue toda a documentación escrita do proxecto e planos rectificadas nº 022 e 026 e introduce as aclaracións e modificacións subsecuentes ás observacións efectuadas no informe da Delegada Provincial da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes de 11/12/07.

SEGUNDO.- Someter novamente o procedemento á aprobación definitiva da Sra. Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, ao abeiro do disposto no art. 85.5 da Lei 9/2002, modificada pola Lei 15/2002, remitindo a tales efectos tres exemplares do proxecto corrixido, debidamente di-

## **CONCELLO DE PONTEVEDRA**

lixenciados, á Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes, que xa dispón de copia autenticada do expediente, interesando expresamente da devandita Consellería que xuntamente co acto da aprobación definitiva notifique resposta razoada ás persoas que formularon alegacións, consonte ó determinado polo art. 86.3 da Lei 30/92.

### **7.- CONTROL E SEGUIMENTO DO GOBERNO LOCAL.**

#### **- COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DITADOS NO MES ANTERIOR.**

O Pleno do Concello toma coñecemento dos decretos ditados pola Alcaldía e resolucións ditadas polos Concelleiros de Goberno durante o mes de novembro de 2007.

#### **- PREGUNTAS E ROGOS.**

##### **A) PREGUNTAS DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ, SOBRE A UBICACIÓN DE ELNOSA E SOBRE O PROXECTO DA RONDA DE PONTEVEDRA.**

Manifesta: "Señora Casal, vostede nas eleccións últimas municipais, andivo anunciando que ía buscar unha solución alternativa para a ubicación de ELNOSA e a miña a pregunta é que nos pode dicir vostede relacionado con este asunto e que xestións ten feitas ata o día de hoxe?".

Contesta a **Sra. Casal García**, o seguinte: "O primeiro que lle quero dicir, Sr. Martín, e que eu nunca tiven a osadía de dicir que ía buscar ningún sitio alternativo, iso déixollo a vostede, vostede todos os días nos está dicindo que sabe onde poñer Celulosa e, de verdade, teño noticias de que en Tomeza están preocupadísimos, de que en Verducido están preocupadísimos, de que en Cerponzóns están preocupadísimos, diga dunha vez onde o vai levar porque de verdade temos á xente intranquila con este tema, e xa que estamos a final de ano vostede o pode dicir; nunca dixen iso, dixen e o mantemento agora que ELNOSA é unha fábrica que polas súas características, polo seu tamaño, cando definitivamente cambie o sistema de mercurio, o sistema de membrana que o que ten que facer obrigatoriamente pode ter acollida en calquera dos parques empresariais que se están a facer o que están feitos no entorno da comarca de Pontevedra, iso o dixen e o mantemento, son unhas circunstancias completamente distintas do que ocorre con ENCE, xa digo polo tamaño, polo tipo de actividade á que se dedica e sobre todo, repito, cando cambien o sistema, polo tanto non poña na miña boca cousas que non dixen, non me dedico a buscar ubicacións, señor Martín, iso llo deixo a vostede que lle vai moi ben porque forma parte do seu traballo, pero é que eu nunca me dediquei a iso."

De novo intervén o **Sr. Martín González**, dicindo: "Podo

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

contestar e teño outra pregunta máis."

Seguidamente, o **Sr. Alcalde-Presidente**, indica: "É unha pregunta e unha resposta, faga vostede outra pregunta, vostede fai unha pregunta e se lle responde e non hai máis turnos."

Continua o **Sr. Martín González**, dicindo: "Creo que aínda que non estea no regulamento estamos nunhas fechas, como dicía o señor Alcalde; señora Casal, dúas cuestións moi claras, vostede non soamente dixo iso que dixo que o tiña, que está recollido nos medios, espero que os medios publiquen o que vostede dixo, punto, non vou a entrar no asunto; referente ao tema de ENCE non se preocupe vostede que no seu momento estamos traballando nesa liña, non se preocupe vostede que o saberá primeiro que ninguén, por suposto que si, porque eu necesito ese asunto consensualo con todas as forzas para saber, dunha vez por todas, que facer en serio co tema de ENCE, creo que ten que ser un tema consensuado, estará vostede perfectamente informada; a outra pregunta vai dirixida ao señor Mosquera que hoxe non interveu moitas veces e vaille a dar a oportunidade de que poida vostede intervir seguramente moi ben, mire vostede, señor Mosquera, vostedes fálanos sempre, leva moito tempo, moitos meses, diría que anos, falándonos dunha ronda en Pontevedra e a miña pregunta é moi sencilla, á parte que esa ronda saben todos que non coincide co equipo redactor do avance do plan xeral que non coincide con vostede, a miña pregunta é: ten vostede un proxecto completo desa ronda e si o ten quen é o Arquitecto ou Enxeñeiro que o fixo e que o firma?, moitas gracias.

Contesta o **Sr. Mosquera Lorenzo**, o seguinte: "Non sei exactamente se a pregunta ven polo dereito o polo revés, creo que na primeira comisión de Ordenación do Territorio e Infraestruturas se lle deu unha copia do trazado elaborado polos técnicos municipais, non sei se quere que lle dea o nome e apelidos dos funcionarios que participaron na elaboración; con respecto á ronda hai historia e se hai tempo se lla explico, o Concello puxo os medios xa hai tempo, un par de anos, para elaborar unha ronda na que digamos a que sería a orde de estudo, como aquí non hai empresa privada que estamos falando dos técnicos, non está plasmado por estudo o escrito pero si fora para adxudicar sería orde de estudo, se puxo que a ronda tivera a executabilidade máis rápida e que a afección sobre vivendas fose mínima, afortunadamente os funcionarios que temos, os enxeñeiros, sexan superiores ou técnicos pois son francamente bos e acadaron unha ronda que non afecta a ningunha vivenda habitada, cousa que nos debíamos felicitar todos; incluso a orixe de esa ronda foi pactada, na M4, e foi pactada co equipo redactor do plan que propoñía a ronda, paralelamente se fixo avance e hai unha proposta de ronda moito máis urbanística, moito máis de largo recorrido y polo tanto resíntese bastante

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

da súa executabilidade, a súa execución quedaría pendente, como calquera entende, se leva 50 casas, a que se executen eses polígonos e polo tanto a Administración pública, caso de querer executala, tería unhas dificultades enormes senón inviabilidade total para executar unha ronda de ese tipo, incluso se vostede coñece ben o trazado pois saberá que nin máis nin menos que se leva a subestación de Fenosa de Mourente que está valorada, só a subestación, en 15 millóns de euros, co cal ou hai uns aproveitamentos urbanísticos e hai que agardar a que os haxa ou senón a executabilidade e demais, esa é a diferenza clara obxectivada, pacífica, entre o equipo redactor e os técnicos municipais porque os obxectivos son diferentes e demais, o equipo redactor fixo un esforzo para encaixar as dúas no sentido de que estean contempladas no avance con esa dobre función, unha que se execute de maneira inmediata a infraestructura e outra urbanisticamente que probablemente haxa que reaxustar no futuro; con respecto á tramitación, á documentación está entregada, tanto en soporte dixital como en soporte en papel, na Consellería de Política Territorial que como sabe comprometeuse á súa tramitación e inclusive, moi probablemente, por mirar se pasa a ser un vial autonómico, financiado autonomicamente e que quede como un vial autonómico ou ben mediante convenio pasa a ser executado pola COTOP e o Concello colabora economicamente e se fai cargo de el a posteriori, a diferenza non e baladí porque se o vial é autonómico se esixen unhas características de trazado que probablemente nos retrotraería ao inicio, nos retrotraería a que, por dicilo en termos vulgares, endurecer o trazado polo tanto tería que afectar a construcións, instalacións, a negocios, etc.; entonces iso precisamente é o que se está tanteando nestes momentos cara a súa solución, non sei se con isto lle contestei, se quere nomes e apelidos e non creo que sexa cuestión de publicar aquí nomes, a ronda foi elaborada baixo a dirección do Director Xeral don Jesús Gómez Viñas, polo Enxeñeiro Xefe do Servizo, co trazado pasado polo Topógrafo municipal e coas cuestións de últimos retoques que se fan sempre nun estudio de enxeñería por un delineante que o pasou a AUTOCAD porque o outro estaba nun programa de trazado que é bastante ilexible os documentos que saen, digamos que a presentación a fixo un Delineante municipal, por dicir tamén que está feita hai moitos meses, como sabe, e que está presentada incluso na Deputación e non só iso senón que hai medidas concretas que xa están efectivizando, esta semana ou a semana pasada foron co Ministerio de Fomento a replantexar sobre o terreo o paso baixo a vía férrea de acordo co trazado, iso é o que hai, evidentemente o que é o proxecto de execución non o hai, hai un proxecto de trazado con movemento de terras, por onde vai etc., que para arrancar a tramitación como vostede sabe pois chega de sobra como pasan todos estes proxectos, en canto se toma a decisión de ir adiante exactamente como plantexou o Concello coas modificacións que introduce a COTOP pois se encargará o proxecto de

## **CONCELLO DE PONTEVEDRA**

trazado, evidentemente fáltalle a exposición pública, etc., pero incluso medidas concretas como deixar previsto o paso pois está replantexado na obra do eixo atlántico para que non nos topemos despois con unha gran proposta de ronda ou de calquera outro viario e despois resulta que pasar por debaixo do tren de alta velocidade sexa imposible."

Volve a intervir o **Sr. Martín González**, manifestando: "Voume a repensar moito no noso grupo cando lle fagamos preguntas ao señor Mosquera directamente, non ao grupo de goberno, que a faga nosa compañeira Celia Soto, porque a Celia gústalle moito os cadros abstractos e pinturas abstractas entón creo que é mellor que lle faba a pregunta, a miña pregunta era moi concreta e moi clara, ten proxecto completo?, ten que dicir si ou non, e se o ten que dixera quen o firmou, pero non imos a entrar no debate agora, non hai proxecto concreto polo tanto o que lle pido para que vostede non cre máis inquietudes nos cidadáns de Pontevedra, cando teña un proxecto de verdade pois nolo enxeña aos cidadáns e a quen sexa e estaremos de acordo con facelo ou non facelo, pero non con bocetos como vostede ben di que non os entende ninguén, polo tanto nos está vostede facendo aquí unha exposición que lle estamos escoitando e non nos quedou nada claro e a pregunta é moi sencilla si ou non, se o ten ben, senón o ten non pasa nada, é o que dicimos nós, ao final nos aburrimos todos e estamos nunhas fechas que non estamos para perder moito tempo."

De novo intervén o **Sr. Mosquera Lorenzo**, para dicir: "A min o que se me está ocorrendo con isto é se quere, o que pasa é que temos pouco tempo porque temos o viño dos funcionarios, porque senón chamaba agora alí e traen unha pantalla e Power-Point e se explica onde é porque llo demos a vostedes en CD e non se preocuparon nin en miralo, e que non sei exactamente que é o que quere, claro que si hai un proxecto de trazado completiño que soamente coa relación de expropiados engadíndolle e o xeotécnico sería suficiente para pasalo a adxudicación, se lle parece pouco non sei exactamente que é o que quere, o proxecto de trazado está completiño, é máis dígolle unha cousa está exactamente igual que o que fixemos do vial de Monte Porreiro que a Deputación acaba de licitar, exactamente igual, e di que nun caso é unha documentación bárbara que a Deputación lle serve para licitar e neste caso parece que non vale para nada explíquemo, eu creo que non dá para máis, creo que colleu unha vía absolutamente equivocada e alá vostede."

**B) ROGOS DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D. JACOBO MOREIRA FERRO, SOLICITANDO MAIOR RIGOR NA TOMA DE DECISIONS E A ACTUALIZACIÓN DO SITIO WEB DO CONCELLO.**

Manifesta: "Dos ruegos, a la vista de los numerosos problemas con que se está encontrando el Ayuntamiento ante sen-

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

tencias judiciales como la reciente del Tribunal Superior de Justicia de Galicia que anula varios preceptos de la modificación puntual de PXOU de 29 de marzo de 2003 y que dejan en serio entredicho la viabilidad y el futuro del parking del edificio Véteris, así también como ante otros requerimientos de otras administraciones como el que hoy hemos tratado aquí de la Unidad de Actuación nº 5, nosotros lo que queremos hacer es emitir un ruego para que, en adelante, el grupo de gobierno actúe con rigor en la adopción de decisiones en todos los asuntos pero especialmente en los de calado y relevancia evitando imprevisiones e improvisaciones que a la postre lo único que ocasionan es inseguridad jurídica en asuntos tan delicados y, por tanto, perjuicios tanto al Ayuntamiento como a los ciudadanos; el segundo ruego va dirigido al Gobierno para que proceda a la actualización de la página web municipal que, entre otros muchos, contiene los siguientes errores que citamos a título ilustrativo y que se comprueban con un simple vistazo a la página, por ejemplo, Teresa Pedrosa sigue figurando como portavoz del Partido Popular, las subvenciones de las que se informa son del año 2004, las ordenanzas fiscales no están actualizadas, es decir establecen tipos impositivos de hace varios años, para eso es mejor no colgarlas, luego la versión en castellano y en inglés llevan meses en proceso de actualización, y el Gabinete de la Alcaldía realmente dispone de 6 personas de confianza para labores de comunicación y sociedad del conocimiento, además han existido diversas asistencias técnicas para la ejecución de esta página web, es decir en resumen es personal suficiente para que la web municipal estuviera actualizada, además la imagen que se transmite de Pontevedra, entendemos que tampoco es la recomendable, y por cierto la propia web tiene una encuesta en la que casi el 70% (el 46 por un lado y el 22 por el otro) no le gusta o le parece mejorable la página web."

Seguidamente fai uso da palabra o **Sr. Alcalde-Presidente**, dicindo: "Tomo nota dese rogo, empezando polo último, no sentido de que efectivamente a páxina web estamos neste momento a punto de ultimar unha asistencia técnica para unha modernización, hai unha contratación dunha asistencia técnica para a elaboración dunha páxina web que está, digamos, que a punto de inaugurarse e obviamente para mellorar todas esas cuestións que comparto que son así, efectivamente, polo tanto espero que nun próximo tempo, supoño que será cuestión de semanas, estea a disposición de todos, ademais se está traballando conxuntamente con todos os servizos e os xefes de servizo para que a páxina se actualice de forma regular, etc.; respecto ao seguinte punto, dende logo admito o rogo e lanzaremos todos os esforzos posibles, de todas as maneiras non me queda máis remedio que dicir que efectivamente se por algo se caracteriza o Concello de Pontevedra é por unha seriedade e rigor nas cuestións de tipo urbanístico, presidido este Concello dende os úl-

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

timos 8 anos, obviamente hai informes negativos que se modifican, cuestións que hai que mellorar, e hai sentenzas como en todos os concellos a favor e en contra, pero creo que esa cuestión que vostede está plantexando, creo que se somos un pouco serios e rigorosos dende logo falar de inseguridade xurídica en absoluto, en todo caso podo poñer exemplos, moitos exemplos, de outros concellos onde efectivamente a inseguridade xurídica é absolutamente total con paralizacións de planeamento sine die e con derribos, por poñer un exemplo só, o Concello de Vigo, onde gobernaron todas as forzas políticas, para que nos entendamos, e que ven dende hai xa moito tempo, ademais, pois hai dúas mil vivendas para derribo con sentenza do Supremo, entón intentar mezclar ou crear unha sensación de inseguridade neste Concello que efectivamente, que me acorde durante o meu mandato, o único que se mandou derribar foi un pendello na parroquia de Salcedo, iso é unha falta de seriedade absoluta, oxalá os outros concellos tiveran o nivel de rigor e a capacidade dos técnicos en facer os plantexamentos absolutamente correctos que estamos moi orgullosos diso, pois iso creo que non se atén á realidade, de todas as maneiras admitimos o rogo no sentido de que todo o que sexa mellorable se intentará facer de cara ao futuro."

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo Sr. Presidente remátase a sesión ás trece horas e trinta e cinco minutos, de todo o que eu, Secretario, dou fe.

Visto e prace.  
O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Miguel Anxo Fernández Lores.

José Luis Mato Rodríguez.